



O alumnado de infantil celebrou o Día da Paz no patio cuberto, cantando, bailando e escoitando mensaxes de paz.



O alumnado de primaria celebrou o día no pabellón. Unha pancarta elaborada por eles presidía o acto que contou con intervencións de alumnos e alumnas de todos os niveis.




Os nenos e nenas do primeiro ciclo faláronnos da paz a ritmo de rap. Poesías, cancións, e chamadas á paz completaron a xornada



DÍA DA PAZ

Este día outra vez toca.
 Volver falar da paz.
 Dame, un polco de vergoña
 e todos os anos igual....!
 eu non sei que debo facer;
 non podo para-la quevira,
 non podo queima-las armas
 non podo mandar cariño.
 En cambio...
 si que podo...
 deixar de pelexar,
 valora-los amigos,
 respecta-los demais, escoitar,
 sementar un pouco de paz...
 Non nos vaíamos tan lonxe,
 deixemos xa de voar,
 facemos cousas sinxelas
 e construíamo-la paz.
 Antes de marchar agora,
 cada un pensará
 nunha pequena cousa
 que poida facer pola paz.
 Tal vez o ano que ven
 non nos de tanta vergoña
 de cantar e cantar.



CRISTINA
5 ANOS C

Rap

Todo para min
 e nada para ti,
 tódalas guerras
 empezan así.

Si, si, si, todo para min!

Doeme a barriga
 de tanto comer,
 e aos outros de fame
 deixo morrer.

Si, si, si, todo para min!

Non caben na casa
 tantos xoguetes,
 pero aínda así
 non lle dou nada a Pepe.

Si, si, si, todo para min!

Son o mais rico,
 son o mais guapo,
 o meu único amigo
 ten cara de sapo.

Si, si, si, todo para min!

Mira que lea
 por non compartir,
 e así todos xuntos
 xogar e reir.

Si, si si, xogar e rir

Poesías

A paz no mundo
 xa reinara
 e toda a xente
 contribuirá.

Todos termos que
 traballar
 pero aínda así
 imolo lograr.

Alicia Bao Pena. 6ºA

Se algún busca a
 paz,
 eu dígolle
 a paz non está
 nin na noite
 nin no día
 nin no ceo
 nin na terra
 nin no mar
 nin no deserto.
 Porque a paz
 non existe por si sola
 hai que creala
 para que exista.

Chanel Cebro. 6ºA

A paz é amor e alegría, aínda que nos peguemos algunhas veces, a paz levámola sempre no corazón, despois hai que sacala e empregala.

DIEGO MARTÍNEZ TABOADA. 2ºB

